

**5** de Decembro  
Día Internacional  
do Voluntariado

## Acto de homenaxe ao Voluntariado Cultural da Biblioteca de Verín



**Parlamento Europeo**  
Acto organizado baixo o  
Alto Patrocinio do Parlamento Europeo

### **A Biblioteca do Concello de Verín distinguida co Alto Patrocinio do Parlamento Europeo.**

*Martin Schulz, Presidente del Parlamento Europeo, notificoulle a concesión deste galardón.*

A Biblioteca do Concello de Verín ven de acadar, polo seu proxecto de Voluntariado Cultural en Xoves, o Alto Patrocinio do Parlamento Europeo, galardón polo cal o Presidente do Parlamento avala un proxecto, apoiando unha iniciativa e prestando a imaxe desta institución Europea.

Este galardón concédese a un número moi determinado de entidades ao cabo do ano, (por exemplo a Capilla Real de Madrid, ou a Exposición Cidades de Europa do Concello de Tres Cantos, no noso país), onde se valora a calidade do proxecto, a súa repercusión na sociedade, a integración social e ter dimensión europea. Así mesmo tal e coma reza o pliego de condicións, prestarase unha especial atención, aspecto onde destacou o proxecto da nosa iniciativa, aqueles actos ou proxectos onde participen rapaces novos ou con destino a estes.

Ademais o Presidente do Parlamento Europeo Martin Schulz, remarca na súa carta á Biblioteca de Verín a alegría de premiar un proxecto de Voluntariado de rapaces, combinado co eido cultural e onde arenga a nosa institución a seguir na senda do Fomento da Lectura entre as novas xeracións, en post unha sociedade informada e cultivada intelectualmente.

Deste xeito o vindeiro 5 de Decembro, celebrarase o acto do Día Voluntariado na Biblioteca do Concello de Verín, que prestará tributo aos Voluntarios desta institución, tendo ao Parlamento Europeo coma entidade de maior rango avalando e sendo mecenas moral deste proxecto.